



DECRETO

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI, a celebra-lo vindeiro DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2015, XOVES, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as **ONCE HORAS (11,00 horas)** en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

SEGUNDO.- Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónase a súa disposición o expediente da sesión e cúmplanse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.

A sesión celebrarase co arreglo ó seguinte:

ORDE DO DIA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 15/10/2015 e 23/11/2015.
- 2.- Dación de conta de resolución e decretos da Alcaldía.
- 3.- Dación de conta das actas da X.G.L.
- 4.- Dación de conta do envío de informes ao MINHAP
- 5.- Días adicionais de vacacións e asuntos particulares do persoal municipal.
- 6.- Aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio de 2016.
- 7.- Adicación parcial de Tenente de Alcalde, durante as vacacións da Alcaldía.
- 8.- Aprobación inicial da modificación do Regulamento Regulador do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Forcarei.
- 9.- Aprobación inicial da modificación da Taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Forgar (Dependencia e Básico) do Concello de Forcarei.
- 10.- Dación de conta da posta en funcionamento da Asociación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Forcarei
- 11.- Mocións:
  - 11.1.- Moción do PSdeG- PSOE, sobre propostas fiscais para unha tributación xusta dos emigrantes retornados.
  - 11.2.- Moción do PSdeG- PSOE, para pedir a derogación da Lei 27/2013 (LRSAL) ou, no seu defecto, a devolución ás entidades locais das competencias en materia de servizos sociais e promoción e reinserción social.
  - 11.3.- Moción do PSdeG- PSOE, sobre a inclusión da vacina contra a meninxite -B no calendario vacinal.
- 12.- Rogos e preguntas.

Así o acorda e dispón a Sra. Alcaldesa-Presidenta, ante min, a Secretaria xeral, en Forcarei a 14 de decembro de 2015

